



### Expediente nº 170/2025

**Procedemento:** Selección de persoal e Provisións de Postos.

**Asunto:** Selección e contratación de persoal para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas. Socorrista

## ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE 1 SOCORRISTA AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2025, DE SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS.

Para dar cumprimento ao Decreto de Alcaldía 2025-00182, do 26 de xuño de 2025, reunidos o día 26 de xuño de 2025, e unha vez constituído o tribunal para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de un socorrista, ao abeiro da orde do 27 de xaneiro de 2025, de subvencións para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e que está integrado por:

Cargo	Identidade
Presidente	Julio López Veiga
Secretaria	Ana Belén Alba González
Vogal	Demetrio Ruíz Mourín

Sendo as 09:30 horas, constitúese o Tribunal de Selección como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección de un socorrista por concurso.

Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órgano colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

A continuación, a Secretaria dá lectura á lista de admitidos:

ASPIRANTES ADMITIDOS	
APELIDOS E NOME	DNI
RODRIGUEZ CEDRÓN, HIGINIO	***8493**

De acordo coas bases establecidas para a selección dos postos de traballo indicados, a baremación queda coa puntuación seguinte:





APELIDOS E NOME	DNI	CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
RODRIGUEZ CEDRÓN, HIGINIO	***8493**	2,25	2,25

A continuación o tribunal elabora a lista de seleccionados/as e de reservas para os postos ofertados:

Lista de seleccionado para socorrista:

Rodriguez Cedrón, Higinio, con DNI \*\*\*8493\*\*

Lista de reservas:

Non hai

A Presidenta dá por finalizada a reunión, sendo as 10:15 horas. E para que quede constancia do acordado, eu, a secretaria, redacto acta, que someto á sinatura do presidente e vogais e dou fe.

En As Nogais, a 26 de xuño de 2025.

O Tribunal Calificador

Asdo. Ana Belén Alba González

Asdo. Julio López Veiga

Asdo. Demetrio Ruíz Mourín

